

PALABRAS CON X E CON S

DO 8 AO 12 DE XUÑO

LEMBRA

A letra **x** pode representar dous sons distintos:

- O que se pronuncia en palabras como *paxe, baixo, xersei...*
- O que se pronuncia en palabras como *taxi, óxido, texto, exame...*

1. Clasifica estas palabras segundo o son que represente a grafía x.

- proximidade
- reloxo
- flexo
- xoaniña
- taxista
- xeración
- extremidade
- axóuxere
- éxito
- coxín
- xarope
- flexionar

O x soa coma en <i>xamón</i>	O x soa coma en <i>exame</i>

2. Completa as oracións coa palabra de cada parella que corresponda.

xesta / sesta

texto / testo

mixto / misto

experto / esperto

- O avó durmiu unha _____ ao pé dunha _____.
- Púxolle un _____ á tixola para que non lle arrefriase o sándwich _____.
- O _____ publicou un libro sobre un _____ literario da Idade Media.
- Acendeu o lume cun _____ e, antes de deitarse, estivo _____ dúas horas.

3. Completa con x ou con s.

- e__cavación
- e__cachar
- e__celente
- e__pertador
- e__traño
- e__premedor
- e__tensión
- e__tintor
- e__coitar
- e__terior

4. Escribe o nome do obxecto que corresponde a cada definición. Para iso fíxate nas palabras destacadas.

- Aparello que **extrae** o fume dunha cociña. ▶
- Aparello con que se **espremen** as laranxas. ▶
- Aparello que serve para **extinguir** o lume. ▶
- Instrumento empregado para **escachar** noces. ▶
- Moble para **expoñer** mercadorías. ▶
- Máquina para **escavar** a terra. ▶

5. Completa con s ou con x. Fíxate que cada símbolo representa sempre a mesma letra.

- | | | |
|----------------------|----------------------|----------------------|
| e●to★o | ★ira●ol | men●a★e |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| ma●a★e | ●a★ofón | pai●a★e |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| de●e★o | ★imna●ia | e★cur●ión |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |



6. Marca a opción correcta.

- Deixa sempre o no colector axeitado.
- Este xersei quédame moi e resúltame incómodo.
- Colle auga na e pona na mesa.
- María que non quere sobremesa.